



05 MAIO — 02 XUÑO
SALÓN ACTOS
DEPUTACIÓN LUGO

TODAS SOMOS PALESTINAS

كلنا فلسطينيات

UNHA OLLADA
A TRAVÉS DO CINE


من خلال السينما



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Consulta
programación
aquí





Amal en Ruta 2026

Mostra de cinema euroárabe

AMAL en Ruta é un proxecto da 'Fundación Araguaney-Puente de Culturas', unha entidade sen ánimo de lucro nacida en Santiago de Compostela que, dende o ano 1984, ten como misión principal o achegamento cultural entre Oriente e Occidente, en concreto, entre o mundo árabe, Latinoamérica e España.

Na edición de 2026, AMAL en Ruta adicase de forma íntegra á situación do pobo palestino. Unha dedicación especial que se estrutura arredor de cinco conceptos claves para comprender a realidade histórica e contemporánea palestina: Gaza, a Nakba, a ocupación, as persoas refuxiadas e as protestas polo xenocidio. Baixo o lema "Todas somos Palestina", a programación céntrase nunha coidada selección de filmes que propoñen unha ollada crítica e comprometida sobre a identidade palestina, a resistencia cultural e as dinámicas sociais que marcan o día a día en Palestina. Nun momento histórico de profunda convulsión e polarización, esta edición de AMAL en Ruta é máis necesaria que nunca, actuando como un faro de verdade fronte á desinformación.

O carácter itinerante da mostra emprega o cinema como unha poderosa ferramenta de reflexión, diálogo e transformación social para ofrecer ao público galego unha visión plural, real e profundamente humana da realidade árabe contemporánea. AMAL en Ruta pon nomes e rostros á estadística, devolvéndolle a dignidade humana a unha narrativa que a miúdo se reduce a titulares de conflito. Ao proxectar os filmes, a Fundación Araguaney reafirma a súa crenza no poder da cultura audiovisual para tender pontes e impulsar o debate social, asegurando a vixilancia dos dereitos humanos, a esperanza e a liberdade.

A 'Fundación Araguaney-Puente de Culturas' converteuse ao longo das súas máis de catro décadas de existencia nun referente da vangarda audiovisual e do debate social en Galicia, así como nun exemplo de integración cultural, destacando entre as súas actividades a Semana de Cinema Euroárabe AMAL -a máis antiga de Europa-. Dende 2008, a Fundación é membro da Alianza Global para a Diversidade Cultural da UNESCO.

TODAS SOMOS PALESTINA

CARTA DO DIRECTOR

Ghaleb Jaber Martínez

TODAS
SOMOS
PALESTINA
كلنا فلسطين

UNHA OLLADA
A TRAVÉS DO CINE
نظرة
من خلال السينما





**AMAL 26
EN RUTA**

TODAS SOMOS PALESTINA

CARTA DO DIRECTOR

Ghaleb Jaber Martínez

Director da Semana de Cine Euroárabe Amal

Non é só a destrución. Non son só as bombas. Nin sequera os corpos esnaquizados que se asoman, fugaces, aos titulares. É a fame. A fame deliberada. A fame como arma de guerra. Como método cruel e planificado de exterminio.

Miles de nenos e nenas morren en Gaza sen acceso a auga, sen alimento, sen atención médica, mentres o mundo observa, impasible ou distraído. As imaxes que nos chegan non poden transmitir a ignominia nin o horror que realmente se vive alí. Son fragmentos dun sufrimento tan inmenso que escapa á nosa comprensión.

Temos que ser quen de sentir esa dor coma se fose nosa. Coma se cada corpo ferido en Gaza fose parte do noso propio corpo. Porque só así, sentíndonos un, entendendo que formamos parte dunha mesma carne lacerada, mutilada, desmembrada, poderemos espertar en Occidente.

A dor compartida fainos humanos. Fainos iguais. E fainos comprender que o que acontece en Gaza, tamén nos está a acontecer a nós.

Desde o seu nacemento, o Festival AMAL quixo ser algo máis ca un festival de cinema. Hoxe, máis ca nunca, temos a obriga de ser unha pantalla que se rebela contra a inxustiza, a vergoña e a barbarie. A través do cinema, queremos converternos na voz atronadora que xorde da gorxa dese corpo ferido que é Palestina. Un berro contra o xenocidio que está a cometer Israel, unha e cantas veces faga falla.

Este ano, no seu 23 aniversario, AMAL segue sendo esperanza. Pero tamén é memoria, resistencia e denuncia, cunha coidada selección de películas palestinas que nos ofrecen unha ollada directa sobre a ocupación, a Nakba, a dor e a dignidade.

Todas somos Palestina.

TODAS SOMOS PALESTINA

PROGRAMACIÓN

Amal en Ruta Lugo 2026

TODAS SOMOS PALESTINA كلنا فلسطين

AMAL EN RUTA LUGO 26 consta de 5 longametraxes (catro documentais e unha ficción) que definen os cinco conceptos clave para comprender a realidade histórica e contemporánea: Gaza, a Nakba, a ocupación, as persoas refuxiadas e as protestas contra o xenocidio.

Todos os filmes teñen un considerable recoñecemento nos principais festivais de cine internacionais.

UNHA OLLADA
A TRAVÉS DO CINE
من خلال السينما



THIS IS GAZA (DOC)

Tom Besley

2025 | Reino Unido | 50'

Cando a guerra entre Israel e Hamás destruíu o seu fogar e puxo en perigo a súa familia, o cineasta palestino gañador do premio Emmy, Yousef Hammash buscou a súa única esperanza: unha cámara de vídeo. Esta é a súa poderosa historia.

Tom Besley

En *This is Gaza*, Tom Besley combina a mirada xornalística coa experiencia vital de Yousef Hammash, xornalista do equipo de Channel 4 News, quen conta a súa historia dende Gaza por primeira vez ante a cámara.

Premios

2025 - Premios Rory Peck Longlists - Seleccionado Longlist categoría de xornalista *freelance*.

Martes 05 de maio
20.00h.
Salón de actos
Deputación
de Lugo

Gaza

THIS IS
GAZA (DOC)
Tom Besley

TODAS
SOMOS
PALESTINA
كلنا فلسطين





UNHA OLLADA
A TRAVÉS DO CINE
من خلال السينما
نظرة



JANIN, JENIN (DOC)

Mohammed Bakri

2024 | Palestina | 60'

Neste novo documental, Mohammed Bakri regresa ao campo de refuxiados de Jenin máis de dúas décadas despois da súa obra anterior, *Jenin, Jenin* (2002). Na nova peza, filmada tras a ofensiva militar israelí de 2023, retoma o fío da súa experiencia previa: entrevista de novo a quen aparecera no documental orixinal e recolle novos testemuños directos sobre a ocupación, a destrución e a resistencia persistente.

Mohammed Bakri

Actor e director palestino nado en Bi'ina, na rexión da Galilea. Cunha traxectoria destacada no cinema e no teatro, caracterizouse por explorar temas de identidade, memoria e resistencia palestina. O seu traballo documental centrouse en dar voz ás comunidades afectadas polo conflito. Nesta obra retomou o compromiso coa denuncia social desde unha ollada íntima e humana.

Martes 12 de maio
20.00h.
Salón de actos
Deputación
de Lugo

Ocupación

JANIN,
JENIN (DOC)
Mohammed Bakri

TODAS
SOMOS
PALESTINA
كلنا فلسطين





THE TIME THAT REMAINS (FIC)

Elia Suleiman

2009 | Palestina, Francia | 109'

Ao longo de catro episodios que abranguen desde 1948 ata a actualidade, unha familia palestina vive entre a creación do Estado de Israel e a memoria herdada. Elia Suleiman mestura humor silencioso, ironía e surrealismo para retratar as paradoxas cotiás da vida baixo a ocupación. Fragmentos da súa propia historia familiar emerxen como testemuños íntimos.

Elia Suleiman

Cineasta palestino cuxas obras combinan minimalismo poético e ironía mordaz. Participou como actor e guionista en varias das súas películas. O seu estilo caracterízase pola sutileza visual e a reflexión sobre a historia colectiva.

Premios

2010 – Premios Cinema for Peace – Nomeado ao Premio Cinema for Peace pola Xustiza.

2009 – Festival de Cannes – Nomeado á Palma de Ouro.

Martes 19 de maio
 20.00h.
 Salón de actos
 Deputación
 de Lugo

Nakba

THE TIME
 THAT
 REMAINS (FIC)
 Elia Suleiman

TODAS
 SOMOS
 PALESTINA
 كلها فلسطين





UNHA OLLADA
A TRAVÉS DO CINE
نظرة
من خلال السينما



NOTES ON DISPLACE- MENT (DOC)

Khaled Jarrar

2022 | Palestina, Alemaña, Qatar | 80'

Khaled Jarrar segue a unha anciá palestina no seu desprazamento dende Damasco a Europa pola ruta dos Balcáns. Acompañando a Nadira e á súa familia, o director vincula a súa propia memoria de infancia coa transmisión de traumas colectivos, preguntándose polo sentido do fogar, a pertenza e a identidade.

Khaled Jarrar

Khaled Jarrar, artista e cineasta palestino, pasou de ser gardacostas de Yasser Arafat a usar a arte como ferramenta de memoria e resistencia. Formouse en fotografía en 2005, graduouse na Academia Internacional de Arte-Palestina en 2011 e completou un máster en Belas Artes na Universidade de Arizona en 2019.

Premios

2023 - DOXA Documentary Film Festival – Gañador do DOXA Feature Documentary Award.

2023 - Ismailia International Film Festival – Mención Especial ao Mellor Documental de Longametraxe.

Martes 26 de maio
20.00h.
Salón de actos
Deputación
de Lugo

Refuxiados

NOTES ON
DISPLACE-
MENT (DOC)
Khaled Jarrar

TODAS
SOMOS
PALESTINA
كلنا فلسطين





UNHA OLLADA
A TRAVÉS DO CINE
من خلال السينما



THE ENCAMPMENTS (DOC)

Kei Pritsker, Michael T. Workman
2025 | EEUU | 83'

Documental sobre as protestas estudantís solidarias con Palestina en 2024, iniciadas na Columbia University e estendidas globalmente. Mostra a represión e os campamentos, máis tamén a forza dun movemento internacional que reclama xustiza e responsabilidade institucional.

Kei Pritsker e Michael T. Workman

Kei Pritsker, xornalista e documentalista, e Michael T. Workman, cineasta e produtor, dirixen *The Encampments*. A súa colaboración combina investigación xornalística e narrativas visuais para documentar con forza as protestas estudantís en solidariedade con Palestina.

Premios

2025 - CPH:DOX - Nomeado ao Human Rights Award

2025 - CPH:DOX - Gañador Mención Especial no Human Rights Award

Martes 02 de xuño
20.00h.
Salón de actos
Deputación
de Lugo

Protestas contra
o xenocidio

THE ENCAMPMENTS (DOC)
Kei Pritsker, Michael T. Workman

TODAS
SOMOS
PALESTINA
كلنا فلسطين





AMAL 26
EN RUTA